


Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento
XUNZI0F2

Fecha
19-08-15 12:57

Asunto

Acta de la sesión AYT/XGL/22/2015

27066DXUNZI0F2L



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA VINTE E OITO DE XULLO DE DOUS MIL QUINCE

ASISTENTES:

D/D^a MARIA LOUREIRO GARCIA
D/D^a MARIA ISABEL RODRIGUEZ LOPEZ
D/D^a JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D/D^a LARA FERNANDEZ FERNANDEZ NORIEGA
D/D^a EMILIO VILLARMEA MENDEZ

AUSENCIAS:

D/D^a JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL
D/D^a MARIA ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ

SECRETARIA ACCIDENTAL:

D^a. FÁTIMA MOAR RIVERA

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 17:00 do día 28 de xullo de 2015, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Accidental, D^a. Fátima Moar Rivera, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0F2

Fecha

19-08-15 12:57

1.- LICENZAS DE OBRAS MENORES.

A.- URB/26/2015.- B27313873 GRUPO RESTAURGAL S.L.

Vista a solicitude de licenza presentada pola mercantil Grupo Restaurgal, S.L., con CIF B-27.313.873, e domicilio a efectos de notificación na rúa Rego de Foz, 1, 27780 Foz, Lugo, para recuperación de ocios primitivos existentes nos muros de pedra do local sito na rúa Pastor Díaz, nº 66, en Viveiro, que na actualidade atópanse tabicados, e limpeza interior do inmovible de referencia catastral 3353710PJ1335S0001ZO, nos termos descritos na memoria valorada asinada polo arquitecto técnico, D. Luis Rodríguez Díaz en data febreiro de 2015. Consta no expediente xustificante de ter aboados os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e sellos municipais.

Visto o informe técnico favorable emitido pola arquitecta técnica da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico conforme o previsto no artigo 195 da LOUGA e 12 do DRUG.

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, conforme o disposto no artigo 194.2 da LOUGA, na redacción dada pola disposición transitoria terceira da Lei 19/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal previa.... b) as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos. O inmovible sobre o que se pretende actuar atópase no catálogo-inventario do PEPRI do casco antigo de Viveiro, polo que as actuacións solicitadas han de tramitarse polo procedemento de licenza municipal.

Visto que a ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. As obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0F2

Fecha

19-08-15 12:57

De conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, os Concellos son competentes para autorizar as obras que desenvolvan os plans especiais de protección dos conxuntos históricos, tras a súa aprobación definitiva, debendo dar conta á Consellería de Cultura das licenzas concedidas nun prazo máximo de dez días.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a GRUPO RESTAURGAL, S.L., licenza municipal para recuperación de ocos primitivos existentes nos muros de pedra do local de referencia catastral 3353710PJ1335S0001ZO sito na rúa Pastor Díaz, nº 66, en Viveiro, que na actualidade atópanse tabicados, e limpeza interior do inmovible, nos termos descritos na memoria valorada asinada polo arquitecto técnico, D. Luis Rodríguez Díaz en data febreiro de 2015.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das condicións particulares que de seguido se transcriben:

- a) De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado
- b) Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0F2

Fecha

19-08-15 12:57

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

Sexto.- Dar conta da concesión desta licenza, no prazo máximo de dez días, á Consellería de Cultura, en cumprimento do disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

B.- URB/70/2015.- 33833751S CUBA CUBA, MARIA ANGELES

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. María Angeles Cuba Cuba, con DNI 33.833.751-S, e domicilio a efectos de notificación na Praza Maior, nº 1, Viveiro, para obras na entrada traseira á vivenda sita en Praza Maior, nº 2 en Viveiro, de referencia catastral 3055617PJ1335N0002MW, á que se accede dende o nº 8 da rúa Diaz Freijo, consistentes na pavimentación da entrada con cantería, colocación de porta de madeira no acceso dende a rúa e saneamento de muros derrumbados do inmovible colindante co patio da súa propiedade. O 31 de marzo foron ingresados os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e sellos municipais.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.


Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico conforme o previsto no artigo 195 da LOUGA e 12 do DRUG.

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 194.2, letra b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUGA), na redacción dada polo numero 4 da Disposición final terceira da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, as actuacións proxectadas atópanse suxeitas a licenza por tratarse de edificios incluídos no catálogo inventario do PEPRI. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 195 da LOUGA. Constan no expediente os informes preceptivos técnico e xurídico.

Respecto á adequación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables

A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento
XUNZI0F2

Fecha
19-08-15 12:57

edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. As actuacións propostas adecúanse á normativa urbanística e planeamento de aplicación.

De conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, os Concellos son competentes para autorizar as obras que desenvolvan os plans especiais de protección dos conxuntos históricos, tras a súa aprobación definitiva, debendo dar conta á Consellería de Cultura das licenzas concedidas nun prazo máximo de dez días.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D^a. María Angeles Cuba Cuba, licenza municipal para obras na entrada traseira á vivenda sita en Praza Maior, nº 2, en Viveiro, de referencia catastral 3055617PJ1335N0002MW, á que se accede dende o nº 8 da rúa Díaz Freijo, consistentes na pavimentación da entrada con cantería, colocación de porta de madeira no acceso dende a rúa e saneamento de muros derrumbados do inmovible colindante co patio da súa propiedade.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓNES PARTICULARES que de seguido se transcriben:

- De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0F2

Fecha

19-08-15 12:57

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

Sexto.- Dar conta da concesión desta licenza, no prazo máximo de dez días, á Consellería de Cultura, en cumprimento do disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

C.- URB/135/2015.- 34638437T GARCIA PARAPAR, ELIAS

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Elias García Parapar, con DNI 34.638.437-T, e domicilio a efectos de notificación na Rúa Vicente E. Bouza Basanta,1-1ºF, Viveiro, para pintar interiormente o local sito na rúa Perez das Mariñas, nº 7-baixo, en Viveiro, así como a fachada exterior, portas e verxas. Trátase do inmovible de referencia catastral 3353937PJ1335S0001AO, ubicado no casco antigo de Viveiro. O 27 de maio de 2015 foron ingresados os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e sellos municipais.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal. O orzamento estimado das obras é de 2.300,00 euros, coincidente co declarado na autoliquidación provisional practicada polo interesado.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico conforme o previsto no artigo 195 da LOUGA e 12 do DRUG.

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 194.2, letra b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUGA), na redacción dada polo numero 4 da Disposición final terceira da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, as actuacións proxectadas atópanse suxeitas a licenza por tratarse de edificios incluídos no catálogo inventario do PEPRI. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 195 da LOUGA. Constan no expediente os informes preceptivos técnico e xurídico.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0F2

Fecha

19-08-15 12:57

Respecto á adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables.

A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. As actuacións propostas adecúanse á normativa urbanística e planeamento de aplicación.

De conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, os Concellos son competentes para autorizar as obras que desenvolvan os plans especiais de protección dos conxuntos históricos, tras a súa aprobación definitiva, debendo dar conta á Consellería de Cultura das licenzas concedidas nun prazo máximo de dez días

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. Elías García Parapar, licenza de obras para pintar interiormente o local de referencia catastral 3353937PJ1335S0001AO, sito na rúa Pérez das Mariñas, nº 7-baixo, no casco antigo de Viveiro, así como a fachada exterior, portas e verxas.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓN PARTICULARES que de seguido se transcriben:

- A cor da pintura de fachada deberá ser conformada pola Oicina de rehabilitación.
- Deberanse eliminar todos os elementos en fachada que carezan de utilidade (tales como cámaras, cableado, rótulos, etc.).
- De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0F2

Fecha

19-08-15 12:57

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

Sexto.- Dar conta da concesión desta licenza, no prazo máximo de dez días, á Consellería de Cultura, en cumprimento do disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

D.- URB/143/2015.- 33995996H BERMUDEZ GUERREIRO, CESAR ANGEL

Vista a solicitude de licenza presentada por D. César Angel Bermúdez Guerreiro, con DNI 33.995.996-H, e domicilio a efectos de notificación na Rúa Nicolás Cora Montenegro, nº 53-1º, en Viveiro, para executar obras de reposición de ventanais de aluminio lacado en cor branca, na vivenda sita na rúa N.C. Montenegro, nº 53 no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3555805PJ1335N0016DD. O 5 de xuño de 2015 foron ingresados os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e sellos municipais.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e praxe do arquitecto municipal. O orzamento estimado das obras é de 2.563,83 euros, coincidente co declarado na autoliquidación provisional practicada polo interesado.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico conforme o previsto no artigo 195 da LOUGA e 12 do DRUG.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0F2

Fecha

19-08-15 12:57

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 194.2, letra b) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUGA), na redacción dada polo numero 4 da Disposición final terceira da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, as actuacións proxectadas atópanse suxeitas a licenza por tratarse de edificios incluídos no catálogo inventario do PEPRI. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 195 da LOUGA. Constan no expediente os informes preceptivos técnico e xurídico

Respecto á adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables.

A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. As actuacións propostas adecúanse á normativa urbanística e planeamento de aplicación.

De conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, os Concellos son competentes para autorizar as obras que desenvolvan os plans especiais de protección dos conxuntos históricos, tras a súa aprobación definitiva, debendo dar conta á Consellería de Cultura das licenzas concedidas nun prazo máximo de dez días.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. César Angel Bermúdez Guerreiro, licenza de obras de reposición de ventanais de aluminio lacado en cor branca, na vivenda sita na rúa N.C. Montenegro, nº 53, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3555805PJ1335N0016DD.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓN PARTICULARES que de seguido se transcriben:

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0F2

Fecha

19-08-15 12:57

- Os ventanais deberán ser das mesmas características que as existentes no edificio (en canto a partición, materiais e cores).
- De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

Sexto.- Dar conta da concesión desta licenza, no prazo máximo de dez días, á Consellería de Cultura, en cumprimento do disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

E.-URB/160/2015.- E27469675 SIEMPRE CON ESTILO C.B.

Vista a solicitude de licenza presentada pola comunidade de bens Siempre con Estilo, C.B., con CIF E-27.469.675, e domicilio a efectos de notificación na rúa Rego das Frores, nº 4-7ºF-dcha, en Viveiro, para obras de acondicionamento de local sito na rúa Pastor Díaz nº 29, baixo, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353439PJ1335S0001OO, para adicalo a comercio polo miúdo de roupa. Coa solicitude, o interesado achegou proxecto técnico asinado polo arquitecto técnico, D. Bernardo Fraga Galdo, en xuño de 2015 descriptivo das obras de acondicionamento do local. Consta no expediente o xustificante de ter aboados os tributos municipais correspondentes á licenza de obras.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0F2

Fecha

19-08-15 12:57

Visto o informe técnico favorable emitido pola apareladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e praxe do arquitecto municipal; de conformidade co indicado informe as obras cumpren coa normativa técnica e o planeamento urbanístico aplicables, sendo o orzamento das obras de 7.087,58 euros, coincidente co declarado na autoliquidación provisional.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico conforme o previsto no artigo 195 da LOUGA e 12 do DRUG.

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, Consonte o disposto no artigo 194.2 da LOUGA, na redacción dada pola disposición transitoria terceira da Lei 19/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal previa... b) *as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos*. O inmovible sobre o que se pretende actuar atópase no catálogo do PEPRI do casco antigo de Viveiro, polo que as actuacións solicitadas han de tramitarse polo procedemento de licenza municipal.


Segundo o disposto no artigo 196.2 da LOUGA, cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia e, xunto coa comunicación previa ou solicitude de licenza de obra, no seu caso, poñeranse en coñecemento da administración municipal os datos identificativos e aportarase a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

O artigo 24.2 da norma citada establece que, se para o desenvolvemento da actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación indicada no parágrafo 1º dese artigo presentarase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se proceder. E logo de rematada a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade.

A documentación acreditativa dos requisitos exixibles para o exercicio da actividade ou para o inicio da obra e instalación, á que se refire o parágrafo 1º do artigo 24 da Lei 9/9/2013, do emprendemento, é a seguinte:

- a) Memoria explicativa da actividade que se pretende realizar, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos.
- b) Xustificante de pagamento dos tributos municipais.
- c) Declaración de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0F2

Fecha

19-08-15 12:57

seguridade, salubridade e as demais previstas no planeamento urbanístico.

- d) Proxecto e documentación técnica que resulte exigible segundo a natureza da actividade ou instalación.
- e) A autorización ou declaración ambiental que proceda.
- f) As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra, instalación ou actividade.
- g) Se for o caso, o certificado, acta ou informe de conformidade emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal reguladas nesta lei.

Revisada a documentación achegada polo interesado para a solicitude de licenza de obra, considéranse suficientemente acreditados os seguintes extremos:

- Memoria explicativa da actividade (punto 6 do proxecto).
- Xustificante de ter ingresadas as taxas de actividades suxeitas ao réxime de comunicación previa.
- Declaración de cumprimento dos requisitos para o exercicio da actividade e dos esixibles aos locais e instalacións.
- O redactor do proxecto xustifica nos anexos 1 a 5 do proxecto que o local cumpre as especificacións do CTE en materia de seguridade e salubridade.
-
- Non resultan esixibles os documentos indicados nas letras d), e), f) e g) dada a natureza da actividade proxectada.

Respecto á adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables

A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003.

O uso comercial proxectado é un uso admitido polo PEPRI do casco antigo, compatible co uso residencial. Segundo o informe técnico emitido ao expediente de licenza de obras as obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento
XUNZI0F2

Fecha
19-08-15 12:57

De conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, os Concellos son competentes para autorizar as obras que desenvolvan os plans especiais de protección dos conxuntos históricos, tras a súa aprobación definitiva, debendo dar conta á Consellería de Cultura das licenzas concedidas nun prazo máximo de dez días.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a SIEMPRE CON ESTILO, C.B., licenza municipal para obras de acondicionamento de local sito na rúa Pastor Díaz nº 29, baixo, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3353439PJ1335S0001OO, para adicalo a comercio polo miúdo de roupa, de acordo co proxecto técnico asinado polo arquitecto técnico, D. Bernardo Fraga Galdo en xuño de 2015.

Segudno.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓNES PARTICULARES que de seguido se transcriben:

- a) Una vez rematadas as obras presentarse comunicación previa para o inicio da actividade, acompañada de:
- b) De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- c) Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0F2

Fecha

19-08-15 12:57

Quinto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

Sexto.- Dar conta da concesión desta licenza, no prazo máximo de dez días, á Consellería de Cultura, en cumprimento do disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

2.- LICENZAS DE OBRAS MAIORES.

A.- URB/69/2015.- 76536267H PINO MONTERO, BENIGNA

Vista a solicitude de licenza presentada por D^a. Benigna Pino Montero, con DNI 76.536.267-H, e domicilio a efectos de notificación na Travesía da Marina, nº 49-6º Esqda., en Viveiro, para obras de reforma interior das plantas baixa e primeira do inmovible sito na avda de Galicia, nº 23, en Viveiro, de referencia catastral 3356413PJ1335N0001TQ, nas que se desenvolve na actualidade unha actividade comercial.

Coa solicitude achégase proxecto técnico asinado pola arquitecta, D^a. Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG en data 23 de marzo de 2015, co número 1501575, e oficio de dirección de obra a favor da mencionada facultativa. En data 1 de abril de 2015 foron abonados os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras, e sello municipal.

Visto que o 1 de xullo de 2015 a interesada presenta documentación técnica (planos A-1', C-1', E-1' e E-2') nos que se recollen modificacións sobre a documentación técnica achegada coa solicitude da licenza, consistentes na supresión da instalación dun ascensor inicialmente previsto.

Visto o informe técnico favorable, emitido pola arquitecta técnica da oficina de rehabilitación do casco antigo, que conta co visto e prace do arquitecto municipal; segundo se desprende do indicado informe, o orzamento de execución material inicialmente previsto e declarado na autoliquidación practicada (65.869,44 euros) mantense na mesma contía tras a supresión da instalación do ascensor. As actuacións propostas adecúanse á normativa urbanística e técnica de aplicación, segundo se indica no citado informe técnico.

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe favorable que, consonte o disposto no artigo 194.2 da LOUGA, na redacción dada pola disposición transitoria

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0F2

Fecha

19-08-15 12:57

terceira da Lei 19/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal previa....
b) as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos. O inmovible sobre o que se pretende actual atópase no catálogo-inventario do PEPRI do casco antigo de Viveiro, polo que as actuacións solicitadas han de tramitarse polo procedemento de licenza municipal.

A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003.

Do informe técnico emitido ao expediente de licenza de obras conclúese que as obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación.

De conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, os Concellos son competentes para autorizar as obras que desenvolvan os plans especiais de protección dos conxuntos históricos, tras a súa aprobación definitiva, debendo dar conta á Consellería de Cultura das licenzas concedidas nun prazo máximo de dez días.

Aínda que non se menciona no informe dos servizos técnicos a posible incidencia das obras propostas sobre a actividade comercial existente, cómpre subliñar que, de conformidade co disposto no artigo 27 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia, de producirse calquera cambio relativo ás condicións ou ás características da actividade ou do establecemento, quen exerza a titularidade das actividades deberá comunicar ao órgano competente (neste caso, o Concello de Viveiro) calquera cambio que se produza (*por canto afecta á actual licenza de actividade ou apertura de establecemento do local*). E, en todo caso, deberá presentar unha nova comunicación previa, en cumprimento dos requisitos do artigo 24 da mencionada norma, si se produce unha modificación da clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais, instalacións ou calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0F2

Fecha

19-08-15 12:57

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D^a. Benigna Pino Montero, licenza municipal para obras de reforma interior das plantas baixa e primeira do inmovible sito na Avda de Galicia, nº 23, en Viveiro, de referencia catastral 3356413PJ1335N0001TQ, nas que se desenvolve na actualidade unha actividade comercial, nos termos do proxecto técnico asinado pola arquitecta, D^a. Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG en data 23 de marzo de 2015, co número 1501575, agás as relativas á instalación dun ascensor, debendo entenderse substituídos os planos correspondentes do proxecto presentado coa solicitude de licenza, polos planos A-1', C-1', E-1' e E-2' incorporados ao expediente en data 1 de xullo de 2015 a medio de escrito rexistrado de entrada co número 4980. As obras executaranse baixo a dirección facultativa da antedita arquitecta.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das condicións particulares que de seguido se transcriben:

- De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- Informar á interesada das obrigas que, para quen exerce a actividade comercial, derivan do artigo 27 da Lei de emprendemento: a) Comunicar (caso de que se produza como consecuencia das obras proxectadas) calquera cambio relativo ás condicións ou ás características da actividade ou do establecemento; b) presentar unha nova comunicación previa no caso de producirse modificación da clase de actividade, cambio de localización, reforma substancial dos locais, instalacións ou calquera cambio que implique unha variación que afecte á seguridade, salubridade ou perigosidade do establecemento.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

Quinto.- Dar conta da concesión desta licenza, no prazo máximo de dez días, á Consellería de Cultura, en cumprimento do disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0F2

Fecha

19-08-15 12:57

B.- URB/118/2015.- 33993234Q MATEOS COUCEIRO, ANGEL MARIO

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Ángel Mario Mateos Couceiro, con DNI 33.993.234-Q, e domicilio a efectos de notificación na Avda. N. Cora Montenegro, nº 76-2ºB, en Viveiro, para para substitución de cuberta e rehabilitación de fachada en vivenda unifamiliar sita na Avda de Cervantes, nº 24, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3456302PJ1335N0002FW.

Coa solicitude achegou proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy, visado polo COAG o 8 de maio de 2015, co número 1502735 e oficio de dirección igualmente visado, a favor do antedito facultativo; e consta acreditado no procedemento o pagamento dos tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras, e sello municipal.

Visto o informe técnico favorable, emitido pola arquitecta técnica da oficina de rehabilitación do casco antigo, que conta co visto e prace do arquitecto municipal. De conformidade co cal o orzamento das obras é de 23.775,00 euros, coincidente co declarado na autoliquidación provisional; segundo o citado informe, as actuacións propostas adecúanse a normativa urbanística de aplicación.

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, consonte o disposto no artigo 194.2 da LOUGA, na redacción dada pola disposición transitoria terceira da Lei 19/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, estarán suxeitos a licenza municipal previa.... b) as intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos. O inmovible sobre o que se pretende actual atópase no catálogo-inventario do PEPRI do casco antigo de Viveiro, polo que as actuacións solicitadas han de tramitarse polo procedemento de licenza municipal.

A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003.

Do informe técnico emitido ao expediente de licenza de obras conclúese que as obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento
XUNZI0F2

Fecha
19-08-15 12:57

De conformidade co disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, os Concellos son competentes para autorizar as obras que desenvolvan os plans especiais de protección dos conxuntos históricos, tras a súa aprobación definitiva, debendo dar conta á Consellería de Cultura das licenzas concedidas nun prazo máximo de dez días.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. Angel Mario Mateos Couceiro, licenza municipal para substitución de cuberta e rehabilitación de fachada en vivenda unifamiliar sita na Avda. de Cervantes, nº 24, no casco antigo de Viveiro, de referencia catastral 3456302PJ1335N0002FW, conforme ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy, visado polo COAG o 8 de maio de 2015, co número 1502735 e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das condicións particulares que de seguido se transcriben:

- A galería da edificación está protexida polo que se debería conservar; de non ser posible polo mal estado da mesma, a nova galería deberá ser de madeira, admitíndose certa flexibilidade no deseño.
- A cor da pintura de fachada deberá ser branca.
- De xenerarse entullos, deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.
- Deberase solicitar autorización municipal para ocupación do dominio público, de ser necesaria.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

Cuarto.- Dar conta da concesión desta licenza, no prazo máximo de dez días, á Consellería de Cultura, en cumprimento do disposto no artigo 47.2 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.

C.- URB/139/2015.- 33759164V FRANCO SOTO, JOSE A.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. José A. Franco Soto, con DNI 33.759.164-V, e domicilio a efectos de notificación na rúa Pedregal, 17, en Covas,

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento
XUNZI0F2

Fecha
19-08-15 12:57

Viveiro, para construción dun garaxe en volume independente e ampliación de porche terraza descuberto en vivenda existente, na finca de referencia catastral 1865910PJ1316N0002OA, sita na rúa Pedregal, nº 17, na parroquia de Covas, Viveiro. Na mesma data foron ingresados os tributos municipais por ICIO, taxa de licenza de obras e sellos municipais.

A solicitude vén acompañada de proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. Luis Eijo Valle visado polo COAG o 18 de maio de 2015 co número 1502924, e oficio de dirección de obra a favor do mencionado arquitecto.

Visto o informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal. Segundo o mencionado informe, as actuacións propostas ubícanse en solo clasificado como urbano consolidado de baixa densidade, no que resulta de aplicación a ordenanza regulada no punto 1.4 do anexo ao Decreto 102/2006, do 22 de xuño, coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño, e a ordenanza 10 relativa ás edificacións existentes. O orzamento estimado das obras é de 16.059,53 euros, coincidente co declarado na autoliquidación provisional practicada polo interesado.

Visto que a técnico xurídico sinala no seu informe que, de conformidade co disposto no artigo 194.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante, LOUGA) en relación co artigo 2.2, letras a) e b) da Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación (LOE), as actuacións proxectadas constitúen actos de edificación e uso do solo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación, precisan de proxecto de obras de edificación, polo que se atopan suxeitos a previa licenza municipal. O procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas é o regulado no artigo 195 da LOUGA. Constan no expediente os informes preceptivos técnico e xurídico así como a documentación descrita o citado precepto (proxecto técnico completo redactado por técnico competente). Respecto á adecuación das actuacións á lexislación e planeamento urbanísticos aplicables. Conforme o disposto no artigo 195.1 LOUGA, as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. A normativa vixente no Concello de Viveiro para a resolución do procedemento é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. (D.O.G. nº 120, do 23 de xuño de 2006) coas modificacións introducidas polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño (D.O.G. nº 109, do 10 de xuño de 2010) polo que se modifica a anterior ordenación urbanística provisional; de acordo

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0F2

Fecha

19-08-15 12:57

con dita normativa e no ámbito de solo de núcleo rural, resultan de aplicación as previsións do punto 7 do Anexo do Decreto 102/2006.

O punto 1.4.2 regula as condicións específicas de edificación no solo urbano de baixa densidade, axustándose ás mesmas a proposta contida no documento técnico segundo se recolle expresamente no punto 2.4 do informe técnico.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta de resolución da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. José A. Franco Soto, licenza de obras para construción dun garaxe en volume independente e ampliación de porche terraza descuberto en vivenda existente, na finca de referencia catastral 1865910PJ1316N0002OA, sita na rúa Pedregal, nº 17, na parroquia de Covas, Viveiro, de acordo co proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. Luis Eijo Valle visado polo COAG o 18 de maio de 2015 co número 1502924, e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- CONDICIÓN PARTICULARES.

1. O interesado deberá constituir na Tesourería Municipal, no prazo dos quince días seguintes ao da notificación do acordo de outorgamento da licenza, unha fianza en garantía dos posibles danos que se ocasionen no espazo público durante a execución das obras, en contía de MIL DOUSCENTOS EUROS (1.200,00).
2. De ser necesaria a ocupación da vía pública para os traballos de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar e obter a previa e preceptiva autorización municipal.
3. Os entullos xenerados nas obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- CONDICIONS XERAIS

- 1.1 A presente licenza só facultará ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire pero non alterará a situacións xurídico privadas entre este e as demais persoas.
- 1.2 As obras executaranse con estrita suxeición ó proxecto aprobado e baixo a dirección dos técnicos que figuran no expediente. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.
- 1.3 O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento
XUNZI0F2

Fecha
19-08-15 12:57

estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.

- 1.4 Os prazos para o inicio das obras non poderá exceder de seis meses e o de remate de tres anos, contados dende a data do outorgamento da licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses . O incumprimento dos citados prazos producirá a caducidade da licenza. A declaración de caducidade extinguirá a licenza, non podendo iniciarse nin continuar as obras, agás traballos de seguridade e mantemento, dos que se dará conta ó Concello para o seu control, sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte.
- 1.5 O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.
- 1.6 Nas obras de nova edificación e reestruturación xeral, o promotor deberá dispoñer dun cartel informativo visible dende o exterior, no que consten:
- O nome e apelidos dos seguintes técnicos: dos proxectistas, dos directores da obra e de execución da obra, do coordinador de seguridade e saúde e dos contratistas.
 - Ordenanza que se aplica e usos aos que se vai destinar a edificación.
 - Data de expedición da licenza e prazo de execución das obras.
 - Número de plantas autorizadas.
 - Número de expediente.
 - Prazo de execución das obras.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo ó Servizo de Urbanismo ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados e ó Servizo de Tesourería.

3.- INICIO DE OBRA.

A.- URB/148/2014.- 33997003J GOMEZ PORTILLA, DAVID

Visto que a Xunta de Goberno, na sesión do 10 de febreiro de 2015 outorgou licenza de obras a D. David Gómez Portilla para construción dunha vivenda familiar composta de soto, planta baixa e baixo cuberta no lugar de Outeiro, nº 1, parroquia de Magazos-Viveiro, sometida a condición da presentación de proxecto de

Concello de Viveiro



Dependencia

XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento

XUNZI0F2

Fecha

19-08-15 12:57

execución e oficios de dirección de obra e de execución material previamente ao inicio das obras.

Visto que a promotora deu cumprimento ás anteriores condicións en datas 14 de xullo (proxecto de execución e oficio de dirección facultativa a favor de José Diaz Lopez, visados ambos documentos polo COAG en data 8 de xullo de 2015 co número 1504341,1 e 2, respectivamente.


Visto que o proxecto de execución relativo ao expediente de referencia foi informado favorablemente o 20 de xullo de 2015 polo arquitecto municipal.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se emitiu informe xurídico.

Visto que por parte da técnico xurídico do Departamento de Urbanismo se indica no seu informe que o artigo 6.3 letra a) do Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, do 17 de marzo dispón que aos efectos da súa tramitación administrativa, todo proxecto de edificación poderá desenvolverse en dúas etapas, a fase de proxecto básico e a fase de proxecto de execución, sendo aquel suficiente para solicitar a licenza municipal de obras. A presentación do proxecto de execución implica a obriga para os servizos técnicos municipais de proceder a unha comparación de aquel co proxecto básico, para comprobar a identidade de ámbolos dous proxectos presentados e expresar a súa idoneidade a través dunha autorización que faculte ao particular interesado o inicio das obras. Tal obriga foi cumprimentada mediante o informe técnico de conformidade dos servizos técnicos municipais, segundo o cal o proxecto de execución presentado desenvolve o básico co que se obtivo a licenza. A regulación xeral e autonómica de aplicación no procedemento de outorgamento de licenzas urbanísticas non establece trámite específico de ningún tipo para a verificación dos proxectos de execución, polo que, agás que se tiveran levado a cabo modificacións no proxecto de execución sobre o básico inicial que puidieran vulnerar a normativa urbanística, non é preciso ningún novo informe ou estudo sobre a legalidade da actuación pretendida. Por tal razón, unha vez emitido o informe de conformidade do proxecto de execución sobre o básico presentado, só procede comunicarlle dito extremo á interesada, autorizando o inicio das obras.

A Xunta de Goberno Local, en base á proposta emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento
XUNZI0F2

Fecha
19-08-15 12:57

Primeiro.- Autorizar a D. David Gómez Portilla, o inicio da execución das obras amparadas pola licenza tramitada baixo o número de expediente URB/148/2014, consistentes na construción dunha vivenda familiar composta de soto, planta baixa e baixo cuberta no lugar de Outeiro, nº 1, parroquia de Magazos-Viveiro. A autorización de inicio non implica prórroga do prazo de remate das obras, que deberá ser solicitada de ser o caso.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Urbanismo para a súa notificación ós interesados.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACION

A.-15.07.28/C.1.- D. CARLOS FERNÁNDEZ LÓPEZ, en representación da mercantil CARFERLO, S.L., SOLICITANDO PRÓRROGA DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA:"FASE 2 E 3 DA MEMORIA PARA A SUBSTITUCIÓN DE TUBERÍA EXISTENTE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NA MARXE DCHA. DIRECCIÓN VIVEIRO LU-161".

Visto o escrito de D. Carlos Fernández López, con DNI 33.319.855-PM en nome e representación da mercantil CARFERLO, S.L. con C.I.F. B-27.227.388, de data 28 de xullo de 2015, co número de rexistro 5.808.


Vista a proposta da Alcaldía, donde literalmente di:

"María Loureiro García, Alcaldesa do Concello de Viveiro

Tendo en conta o contrato formalizado en data 1 de xuño de 2015 coa empresa Carferlo, S.L. para execución da obra denominada "Fase 2 e 3 da memoria para a substitución de tubería existente de abastecemento de auga na marxe dereita dirección Viveiro da Lu-161" por importe de 35.321,23€ e cun prazo de execución de 1 mes a contar dende a data de sinatura da acta de comprobación de replanteo que tivo lugar o día 30 de xuño de 2015, polo que a obra debería finalizarse o día 31 de xullo de 2015.

Resultando que en data 28 de xullo de 2015 a empresa Carferlo, S.L. presenta un escrito no que expón que durante a execución das obras prodúcese unha serie de avarías e roturas na rede, alleas ós traballos executados por Carferlo, S.L. deixando sen subministro de auga potable a zona durante varias horas; sendo máxima prioridade as reparacións.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento
XUNZI0F2

Fecha
19-08-15 12:57

Iniciadas as obras o día 1 de xullo de 2015 púidose executar obra ata o día 3, xurdindo nesta data a primeira incidencia que paralizou a execución, reiniciándose o día 20 de xullo de 2015 ata o día 23, data na que xurde unha nova incidencia ata día de hoxe, contando con retomar a execución da obra o 3 de agosto de 2015. Os retrasos no ritmo de execución dos traballos impediron traballar ou facelo cun rendemento por baixo do normal; non garantindo que nas próximas semanas non se produzan novas incidencias que alteren o ritmo normal de execución, a empresa Carferlo, S.L. solicita a concesión dunha prórroga para a finalización da citada obra, ampliando o prazo de execución ata o 31 de agosto de 2015.

Tendo en conta que na cláusula 30 do prego de cláusulas administrativas particulares reguladoras da adxudicación da obra establécese, de acordo co disposto no artigo 213.2 do TRLCSP, que se se producira retraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, o Concello poderá a petición deste ou de oficio conceder prórroga por un tempo igual ao tempo perdido.

Tendo en conta o exposto anteriormente e o tempo perdido na execución da obra, dende o 3 ao 20 de xullo (17 días) e do 23 de xullo ao 3 de agosto (11 días), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta:

Primeiro.- Conceder á empresa Carferlo, S.L. prórroga para a finalización das obras polo tempo perdido, ampliando o prazo de execución ata o 31 de agosto de 2015.

En Viveiro, a 28 de xullo de 2015
A alcaldesa,
Asdo.: María Loureiro García.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder á empresa CARFERLO, S.L. prórroga para a finalización das obras: "FASE 2 E 3 DA MEMORIA PARA A SUBSTITUCIÓN DE TUBERÍA EXISTENTE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NA MARXE DCHA. DIRECCIÓN VIVEIRO LU-161", polo tempo perdido, ampliando o prazo de execución ata o 31 de agosto de 2015.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao Servizo de Contratación ós efectos de proceder á súa notificación ós interesados.

B.-15.07.28/C.2.- PROPOSTA DE INVITACIÓN DE EMPRESAS AO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DENOMINADO; "SUBMINISTRACIÓN

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento
XUNZI0F2

Fecha
19-08-15 12:57

DUNHA FOTOCOPIADORA PARA O DEPARTAMENTO DE INTERVENCIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIVEIRO".

Resultando que por parte deste Concello se está a tramitar o expediente de contratación denominado "Subministración dunha fotocopiadora para o Departamento de Intervención municipal do Concello de Viveiro" (Expte. 2015/7).

Resultando que a Mesa de Contratación municipal, en sesión levada a cabo o día 22 de xullo de 2015, segundo consta na referida acta, propuxo requerir a dúas empresas licitadoras para que completaran a documentación administrativa, así como decidiu invitar ao procedemento a novas empresas para que participen con presentación de proposicións, todo elo co ánimo de lograr a apertura de alomenos tres ofertas e dar cumprimento deste xeito á normativa reguladora da financiación desta subministración, que se corresponde á Resolución da Vicepresidencia e Concellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 30 de abril de 2015, e Orde de 22 de decembro de 2014.

Vista a Proposta de Alcaldía de 28 de xullo de 2015 na que se decide invitar a dúas novas empresas ao procedemento, e o correspondente informe do Técnico de Informática municipal, relativo á capacidade das mesmas para levar a cabo este contrato,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Invitar ao procedemento de contratación denominado "Subministración dunha fotocopiadora para o Departamento de Intervención municipal do Concello de Viveiro" (Expte. 2015/7), ás dúas seguintes empresas:

Denominación empresa	Enderezo
Aplicaciones y desarrollos tecnológicos Xeral SLU	C/ Carril dos Indios núm. 15-17, ent. 27002 Lugo
BIT Lugo Informática SL	C/ Ourense 60 27004 Lugo

Segundo.- Outorgar ás referidas empresas un prazo de 8 días naturais para a presentación de proposicións, consonte ao establecido na cláusula 18 do prego de cláusulas administrativas particulares, regulador do expediente, xuntando á notificación copia do devandito prego.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento
XUNZI0F2

Fecha
19-08-15 12:57

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Intervención e ao Servizo de Contratación para a continuidade do expediente ata a súa conclusión.

5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

A.- XUN/71/2015.- 32504093X FRESCO BOUZA, DULCE MARIA SOLICITANDO O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. Dulce María Fresco Bouza, con DNI 32.504.093-X, e domicilio en Montalban, nº 4, en Viveiro, Viveiro.

Visto o informe da Traballadora Social no que se propón conceder a dita axuda ó solicitante, de acordo cos seguintes datos:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>80%<150% IPREM
Aportación económica:	10%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	90%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Anual.
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Paso a lista de agarda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.-Conceder a D^a. Dulce María Fresco Bouza o servizo de axuda no fogar solicitado, de acordo co previsto no informe da Traballadora Social, pasando á lista de agarda.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais ós efectos oportunos e de traslado á interesada.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento
XUNZI0F2

Fecha
19-08-15 12:57

B.-15.07.28/V.1.- CONVENIO BÁGOAS DA TERRA.

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda para a aprobación do Convenio Bagoas da Terra 2015, adxuntando modelo de convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Viveiro e a Asociación Bagoas da Terra ano 2015.

Visto o informe de Intervención, de carácter favorable, no que se recolle que se trata dun convenio de colaboración polo que se concede unha subvención nominativa para a realización das actividades descritas no corpo do Convenio, da Asociación Bagoas da Terra de Viveiro, sinalando que a aplicación orzamentaria para a cantidade proposta de 12.000 euros é a aplicación 3380-48906, manifestando a existencia de dita consignación.

Visto que na cláusula primeira do convenio asinado, que entre outros di que o Concello poderá adiantar mediante anticipo, o 90% (10.800 €), pola necesidade de afrontar gastos da XXXVII MOSTRA FOLKLÓRICA INTERNACIONAL DE VIVEIRO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a concesión da subvención nominativa á Asociación Bagoas da Terra, prevista nominativamente no orzamento para o exercicio 2015, por importe de 12.000 euros, nos termos recollidos no modelo de convenio que acompaña á proposta do Concelleiro de Facenda.

Segundo.- Adiantar o 90% (10.800 €), pola necesidade de afrontar gastos da XXXVII MOSTRA FOLKLÓRICA INTERNACIONAL DE VIVEIRO, establecido na cláusula primeira.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ós interesados ós efectos oportunos.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Tesourería e Intervención para o seu coñecemento e cumprimentar.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non existiron asuntos a tratar neste punto da orde do día.

Concello de Viveiro



Dependencia
XUN.- XUNTA DE GOBERNO LOCAL
62.- MOC

Documento
XUNZI0F2

Fecha
19-08-15 12:57

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 18:30 horas do día 28 de xullo de 2015, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.